


# PRINCIPAIS DATOS DA MINARÍA GALEGA

Datos de 2015


## EMPREGO

Total: 4.629 empregos directos



## EXPLOTACIÓNS

Total: 287 explotacións activas



- Áridos
- Outros
- Cerámica
- Pizarra
- Granito Ornamental
- Balnearios
- Minerais Industriais
- Augas Embotelladas

## AUGAS

Galicia é líder no mercado nacional de balnearios co **17%** da oferta e o **28,73%** da cota de mercado.

## LOUSA

A produción de lousa ornamental en Galicia foi de **463.154** toneladas, o **54,45%** da produción e o **71,82%** das exportacións españolas. O **30%** da produción mundial de lousa de cuberta.

## ÁRIDOS

En Galicia producíronse **9.599.953** toneladas.

## ARXILA

Galicia produciu **315.800** toneladas.

## GRANITO

Galicia lidera a produción de granito bruto en España con **506.120** toneladas, o **68,15%** da produción e o **86,83%** das exportacións.

A industria galega do granito é a segunda de Europa e a cuarta do mundo.

## CUARZO

Con **524.813** toneladas extraídas, o **68%** da produción española procede de Galicia, e supón o **98,5%** das exportacións.

## CAOLÍN

Galicia produciu **17.169** toneladas de caolín lavado.



CÁMARA OFICIAL  
MINEIRA DE GALICIA



Co apoio de



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
EMPREGO E INDUSTRIA



CÁMARA OFICIAL  
MINEIRA DE GALICIA

# MEMORIA 2017

Cámara Oficial  
Mineira de Galicia



# OS ALICERCES DE GALICIA, NA MINARÍA

A MINARÍA FORMA PARTE DA IDENTIDADE GALEGA: GALICIA É PEDRA E AUGA.



Os asentamentos no medio rural están vinculados ao aproveitamento dos recursos naturais, tanto agrícolas e gandeiros como forestais, mineiros ou enerxéticos.


Contrariamente ao resto de actividades económicas en solo rústico, as explotacións mineiras están suxeitas ao control e supervisión da Administración, tanto na execución das actividades extractivas como na prevención de riscos laborais e no seguimento do impacto e rehabilitación ambiental do espazo afectado. Unha vez finalizado o seu uso produtivo, os titulares das concesións ou autorizacións de explotación están obrigados a rehabilitar o espazo afectado.

## O EMPRESARIADO, FORMADO POR PEMES GALEGAS, COMPROMETIDO CO PRESENTE E FUTURO DE GALICIA

88,40% dos dereitos mineiros de explotación están concedidos a pemes

97,04% dos titulares de dereitos mineiros son pemes

95,16% dos titulares destes dereitos teñen a súa sede social en Galicia



# A CÁMARA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) é unha corporación de dereito público e un órgano consultivo dos poderes públicos, tutelada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

Representa o conxunto da minaría na nosa Comunidade, no que se inclúen os subsectores das augas minerais envasadas, os áridos, os balnearios, a cerámica, os produtos enerxéticos, os minerais metálicos, o granito ornamental, a lousa e as rochas industriais.

## MISIÓN

Fomentar o desenvolvemento da minaría.

## VISIÓN

Estamos comprometidos cunha minaría eficiente e sustentable: compatible co medio ambiente, integrada no territorio no que se atopa, responsable coa sociedade que a acolle, segura para as persoas que nela traballan e rendible economicamente.

## FUNCIÓNS PÚBLICAS

- Agrupar e representar os intereses mineiros
- Asesorar os poderes públicos
- Propoñer reformas lexislativas que contribúan ao fomento da minaría
- Subministrar informes ás autoridades e particulares que o solicitan
- Formar estatísticas mineiras
- Fomentar o ensino da minaría
- Facilitar a investigación de recursos e o desenvolvemento das actividades mineiras
- Xestionar e manter o Catastro Mineiro de Galicia (CMG)
- Atender a seguridade e salubridade das minas
- Crear bolsas de emprego mineiro
- Mediar e dirimir nos conflitos
- Exercer encomendas da Administración

## ÓRGANOS DE GOBERNO

### ASEMBLEA

Órgano supremo de goberno e representación da Cámara. Formada polas persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



### XUNTA DIRECTIVA

Órgano permanente de xestión, administración e proposta da Cámara. Formada por membros escollidos polo electorado da Cámara, clasificados en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros. Composta actualmente por:

**PRESIDENTE**  
GENERAL DE HORMIGONES S.A.  
D. Juan de Dios Martín Aparicio.

**VICEPRESIDENTE PRIMEIRO**  
DAVID FERNÁNDEZ GRANDE S.L.  
D. David Fernández Sanromán.

**VICEPRESIDENTE SEGUNDO**  
PASEK MINERALES S.A.  
D. Fernando Pla de la Rosa.

**TESOUREIRO E CONTADOR**  
ASOCIACIÓN GALEGA DA PROPIEDAD BALNEARIA  
D. Benigno Amor Barreiro.

**SECRETARIO XERAL**  
D. Diego López González.


## PREOCUPADOS POLA PERCEPCIÓN SOCIAL DO SECTOR

A Cámara Oficial Mineira de Galicia remitiu cartas a diversas institucións galegas (Valedora do Pobo, grupos parlamentarios, Federación Galega de Municipios e provincias, diputacións provinciais e concellos con proxectos mineiros) na que afirma observar "con profunda preocupación como desde algúns axentes sociais están a lanzarse informacións parciais e ambiguas sobre

os posibles efectos ambientais negativos do desenvolvemento das actividades extractivas, impropios das actuais prácticas mineiras en Galicia e Europa". A Cámara sinala a minería galega como "exemplo de integración social, ambiental e territorial, que contribúe de maneira determinante á fixación de poboación na contorna rural".

## REUNIÓN


Durante 2017 mantivemos 114 xuntanzas con distintos responsables institucionais.




## DEFENSA E ASISTENCIA TÉCNICA

Unha das funcións públicas da Cámara é atender as consultas puntuais que, sobre temas relacionados co sector mineiro, formulan tanto os nosos socios como a Administración, empresas, entidades ou particulares.


**CONSULTAS SOLICITANTE**  
Total: 171



**POR DOCUMENTO**  
Total: 62



## REVISIÓN DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN TERRITORIAL E URBANÍSTICA



## ESTRATEGIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO E TRANSICIÓN ENERXÉTICA 2050

O presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, D. Juan de Dios Martín Aparicio, e o seu director, D. Diego López, formaron parte da mesa sobre industria e enerxía, na xornada de presentación da "Estratexia Galega de Cambio Climático e Transición Enerxética 2050", desenvolvida pola Consellería de Medio Ambiente.

## LEI DE FOMENTO DE IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS

En outubro o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, que permitirá axilizar os trámites para a autorización de dereitos mineiros ao tempo que se garante a máxima seguridade xurídica durante todo o procedemento administrativo.

## FORMACIÓN PREVENTIVA

Lugar	nº cursos	Asistentes
A Cañiza	1	15
Lousame	3	56
Porriño	2	36
Santiago	2	43
Viana do Bolo	3	55
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>205</b>



## DIVULGACIÓN

De esquerda a dereita, D. Francisco Conde, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, os galardoados D. Enrique Orche e Dña. Teresa Villaverde, alcaldesa de Lousame e D. Fernando Pla, vicepresidente 2º da COMG.

